



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE ABRIL DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de abril de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteito de marzo de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Don Rodrigo Vieira López**, con domicilio na rúa Carballiño nº 58, 1º, Ribadavia, no que solicita a concesión do postos núm. 5 e 6 da planta semisotano da Praza de Abastos, para un Obrador de produtos cárnicos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle os posto nº 5 e 6, planta semisotano, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Para o inicio da actividade deberá presentar a correspondente comunicación previa de actividade así como o aboamento das taxas correspondente a licencia da actividade, para o cal presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.



RESOLUCION DE RECURSO ADMINISTRATIVO

Visto o recurso de alzada presentado con data 31.03.2016 por **Dona Chaveli Domínguez Cendón**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Muiño nº 11, San Cristovo, contra as bases de selección para a contratación laboral dun Peón para o G.E.S. da zona do Ribeiro, con sede en Ribadavia.

CUESTIONS PREVIAS.-

Interpón a recurrente "recurso de alzada" todo elo en base o artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, contra acordo de aprobación das bases pola Xunta de Goberno de data 21.03.2016, cuestión esta que deducimos xa que no propio recurso nada se dí sobre o mesmo.

O recurso de alzada, de acordo coa citada normativa solo cabe contra resolucións e actos que "non poñan a fin a vía administrativa" e "ante o órgano superior xerárquico que os dictou".

No caso en cuestión dictouse o acto administrativo, aprobación das bases por parte do órgano competente, a Xunta de Goberno Local. Dita resolución pon fin a vía administrativa, tal como dispon los arts. 52.2.a) LRBRL e 210 del Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Polo tanto, contra dito acordo sólo cabe, en vía administrativa, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o houbese dictado (art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracions Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPA), sin que resulte procedente o recurso de alzada.

Así, o art. 52 LRBRL establece que «contra os actos e acordos das Entidades locais que poñan fin a vía administrativa, os interesados poderán exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición». Mentras que o recurso de alzada está reservado a resolucións e actos que no poñan fin a vía administrativa e a competencia para resolvelo corresponde ao órgano superior xerárquico do que os dictou (art. 114 LRJPA).

Asi entre os órganos locais non existe relación xerárquica algunha, cada un ten a súas propias competencias e cada un decide no ámbito da súa competencia, sin que os seus actos poidan ser anulados por outro órgano municipal. Polo tanto non cabe o recurso de alzada ante superior xerárquico, que na Administración local non existe.

Dito esto, e en aras a evitar a indefensión da recurrente, en en base o artigo 110.2 da referida LRJPA, o error na calificación do recurso por parte do recurrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduzca o verdadeiro carácter. Polo tanto enténdese que se trata dun recurso de reposición e como tal vaise a tratar.

CONSIDERACIONES XURIDICAS.-



1.- Recurrese por parte da interesada as bases de selección para a contratación laboral dun peon para o G.E.S. da zona do Ribeiro, con sede en Ribadavia, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 21.03.2016, se ben o longo do escrito nada se dice sobre as posibles causas de nulidade ou anulabilidade das referidas bases, polo que non se pode estimar recurso algun sobre as mesmas.

2.- As bases da convocatoria correspondente ao concurso-oposición, axustanse as bases tipo establecidas na base VIII da Addenda do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES), aprobado polo Consello da Xunta de data 17.12.2015 e polo Pleno deste Concello de data 29.12.2015.

3.- Dedúcese do escrito da interesada, que máis que as propias bases, é a convocatoria do referido concurso-oposición co que está disconforme, e así a totalidade das súas alegacións refírense a dita cuestión.

4.- En relación coa convocatoria da praza de Peon do Grupo de Emerxencias Supramunicipais, a vixencia das bolsas ou tamén denominadas listas de reserva derivadas do procedemento de contratación de persoal no ano 2013, consta informe da Secretaria Municipal de data 04.04.2016, que de seguido transcríbese:

" En relación coa primeira cuestión prantexada polo solicitante do informe, a renovación os traballadores que viñan prestando o servizo ata 31 de decembro de 2015 e a non renovación da lista de reserva derivada do proceso selectivo do GES do ano 2013, a xuízo deste informante haberá que analizar o establecido na Addenda ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES), aprobado polo Consello da Xunta de data 17.12.2015 e polo Pleno deste Concello de data 29.12.2015.

A xuízo deste informante aunque o documento titulase Addenda ao Convenio, non pode considerarse en sentido estrito como unha prórroga do anterior convenio, xa que como se establece na propia exposición de motivos, fanse modificacións substanciais con respecto o primitivo convenio que abarcan dende o tema da financiación, composición de grupos estables, actuacións elixibles en materia de prevención de incendios así como adecuación o novo PDR 2014/2020.

Dito isto, no Anexo VIII da Addenda o referido convenio establece o seguinte: "Todos aqueles Concellos que a sinatura do correspondente convenio, dispoñan de persoal seleccionado consonte os principios de publicidade, mérito e capacidade destinados a tarefas de atención de emerxencias poderan adscribilos ao devandito servizo, e as que non resulten cubertas a través desta adscripción procederán a ser cubertas mediante a modalidade de concurso-oposición".

Visto o transcrito Anexo VIII, establece a posibilidade de darlle continuidade o persoal que ata agora viña prestando dito servizo, sempre e cando houber sido seleccionado consonte os principios de publicidade, mérito e capacidade, cuestión que se produxo no caso en cuestión, xa que todos pasaron un proceso selectivo amén do correspondente curso de carácter teórico-práctico impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Así en base a elo e co obxecto de garantir a continuidade e funcionamento do servizo, a Alcaldía con data 30.12.2015 dictou Resolución acordando a prórroga dos dez traballadores que viñan prestando o servizo.



En canto o tema da bolsa de traballo ou tamén denominada lista de reservas, indicar que se fixaba nas bases da convocatoria do ano 2013, en concreto na súa base 8, e que pola súa transcendencia de seguido transcribo:

" Con todos aquel es/as aspirantes que non sexan propostos/as para a súa contratación e superen a fase oposición, elaborárase unha bolsa de traballo ou lista de reserva, por orde de puntuación obtida no procedemento, coa finalidade de acudir a ela para cubrir -los postos obxecto da presente convocatoria nos supostos do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A bolsa estará vixente ata o 31/12/2015 e soamente terá validez para os GES.

Cando sexa necesario acudir á mencionada bolsa, sendo o concello quen decide esta situación, selecciónase ó/á primeiro/a da bolsa e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá quedar excluído/a definitivamente da bolsa, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando, enfermo/a, non estar dispoñible por estar ó coidado dun/dunha familiar enfermo/a ou estar realizando algún curso de formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ó mercado laboral, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non o acepte.

Se un/unha aspirante presenta a renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar tamén ó último lugar da bolsa".

Con carácter previo e unha vez analizado o expediente de selección obrante no arquivo municipal así como tamén o libro de Resolucións do Concello, non consta Resolución algunha creando dita bolsa ou lista de reserva. Non obstante a pesar dese defecto formal, a xuízo deste informante, débese entender a existencia de dita lista, porque así o contemplaban as bases da convocatoria, polo orde de puntuación obtida no procedemento e sempre que houberen superado a fase de oposición, todo elo de acordo coa acta de baremación total de méritos da fase concurso e fase de oposición.

Dito esto, e de acordo coa literalidade da transcrita base 8, a bolsa ten unha vixencia ata o 31.12.2015, non tendo a mesma carácter obrigatoria a súa utilización, así no se párrafo 3º establece que será o propio Concello quen decide, se se acude ou non as lista de reservas establecidas.

Atopámonos ante unha cuestión controvertida, se ben se analizamos a propia Addenda ao Convenio nada dice sobre a posible prórroga das referidas listas, limitándose esa posibilidade soamente ao persoal contratado a data 31.12.2015 e sempre que cumpran os requisitos establecidos. Ademais non consta acordo nin resolución algunha que prórroga a vixencia da referida bolsa ou lista de reserva, polo que a xuízo deste informante, e sempre co obxecto de garantir a seguridade xurídica, debemos acudir a literalidade das normas (neste caso as bases da convocatoria) e así a xa mencionada base 8 establece que a referida bolsa estará vixente ata o 31.12.2015. Polo tanto, entendemos que calquera baixa que se produza dende o 01.01.2016 deberá ser cuberta mediante a modalidade de concurso-oposición."

En base o sinalado anteriormente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA:**

1º.- Desestima-lo recurso presentado por Dona Chaveli Domínguez Cendón en base a argumentación transcrita anteriormete e aos informes obrantes no expediente.

2º.- Que se lle de traslado do presente acordo a interesada, indicandolle que contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso contencioso-administrativo perante do Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de 2 meses a contar dende o seguinte ao da súa notificación (Arts. 8 e 46 da Lei 29/1998).



4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Subdelegación de Goberno de Ourense, escrito de data 22.02.2016, sobre contratación de persoal por parte do Concello de Ribadavia.

- Da Axencia Galega de Turismo de Galicia, Resolución concendendo subvención para a contratación de persoal para a oficina de turismo para o periodo comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de 2016.

- Do Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Ourense, Providencia de 21 de marzo e escrito da Administradora concursal relativo o procedemento de liquidación 0000001/2015.

- Da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, escrito comunicando denuncia por realización de venta ambulante de froita e verdura sen licencia municipal.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16.02.2016, no importe da subvención solicitada, onde se di 26.685,58 euros debe dicir 28.685,58 euros, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxilo, quedado o mesmo do seguinte xeito:

PETICION DE SUBVENCIONS.-

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.-

O abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumeadado público do parque empresarial de Ribadavia”, por importe de 28.685,58 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local, de data 29.02.2016, na contía dos orzamentos previstos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxilo, quedado o mesmo do seguinte xeito:

ACTUACIONES EN AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.-



Que ao abeiro da ordenanza municipal de data 30 de novembro de 2015, publicada no BOP nº 288 o día 16 de decembro de 2015, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para as que se solicita a súa cualificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 233/2013, de 5 de abril, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 27 de outubro de 2015.

A Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante nos expedientes e os informes da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia nos que se acredita a veracidade dos datos que a continuación se transcriben, por unanimidade dos asistentes acorda informar favorablemente as solicitudes proponendo a aprobación das Cualificacións provisionais, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo, sendo estas as seguintes:

Actuacións de rehabilitación.								Subv. Prevista		ANUALIDADES MINISTERIO	
Promotor/solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº Vivendas	m2 útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	Mº Vº	2015	2016	
Delmiro Rodríguez Soto	76696827 S	Rúa San Martiño nº 33	Art. 26 1 a)	1	96,00	10.755,00	9 meses	3.764,25		3.764,25	
Mª Carmen Lebozo Vázquez	44476662 K	Rúa Porta Nova de Abaixo nº 29	Art. 26 1 a)	1	83,00	10.887,00	9 meses	3.810,45		3.810,45	
Mª Rosa Sans Pérez	38472857 K	Rúa dos Fornos nº 18, esq	Art. 26 1 a)	1	70,00	3.885,70	9 meses	1.360,00		1.360,00	
Purificación Taboada Lois	76681320 X	Rúa Oliveira nº 6	Art. 26 1 a)	1	65,00	6.660,00	9 meses	2.331,00		2.331,00	
Mª Yolanda Rodríguez Rodríguez	36134689 X	Praza Maior nº 3	Art. 26 1 a)	1	117,00	19.262,54	9 meses	6.741,89		6.741,89	
Adolfo Lorenzo Fernández	34623307 G	Praza García Boente nº3	Art. 26 1 a)	1	117,55	21.850,00	9 meses	7.647,50		7.647,50	
Maria Hermida Atrio	76678660 H	Rúa Tomás de Lemos nº4, baixo	Art. 26 1 a)	1	100,00	5.162,49	9 meses	1.806,87		1.806,87	
Mª Pilar González Iglesias	35295246 K	Rúa Tomás de Lemos nº4, 1º	Art. 26 1 a)	1	106,85	5.631,80	9 meses	1.971,13		1.971,13	
Inés Vázquez Velga	76711167 A	Rúa Tomás de Lemos nº4, 2º	Art. 26 1 a)	1	116,00	5.631,80	9 meses	1.971,13		1.971,13	
Jerónimo Docampo Martínez e Amancio Freijido Juste	76689213 Z 34420831 C	Rúa Salgado Moscoso nº 22, 1º	Art. 26 1 a)	1	49,20	33.498,33	9 meses	11.000,00		11.000,00	
Jerónimo Docampo Martínez e Amancio Freijido Juste	76689213 Z 34420831 C	Rúa Salgado Moscoso nº 22, 2º	Art. 26 1 a)	1	60,87	40.119,74	9 meses	11.000,00		11.000,00	
Jerónimo Docampo Martínez e Amancio Freijido Juste	76689213 Z 34420831 C	Rúa Salgado Moscoso nº 22, 3º	Art. 26 1 a)	1	55,29	35.492,28	9 meses	11.000,00		11.000,00	
Manuel Alonso Pereiras	34929372 P	Praza García Boente nº10, Rúa San Martiño nº 26	Art. 26 1 a)	1	184,83	72.231,02	9 meses	11.000,00		11.000,00	
Dolores Cortizo Rosendo	34528535 S	Travesía Porta Nova nº 12, 1º	Art. 26 1 a)	1	103,00	14.256,36	9 meses	4.989,73		4.989,73	
Carmen Cortizo Rosendo	34420396 E	Travesía Porta Nova nº 12, 2º	Art. 26 1 a)	1	54,00	4.578,64	9 meses	1.602,52		1.602,52	
Purificación García Lamas	34943018 S	Rúa Salgado Moscoso nº 5, 2º	Art. 26 1 a)	1	58,35	2.033,63	9 meses	711,77		711,77	
Sumas						291.936,33		82.708,24		82.708,24	

APROBACION DE PRESUPUESTO PARA CONTRATO DE SERVICIOS DE STREAMING PARA PLENOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Visto o escrito presentado pola empresa Streaming Galicia, con domicilio no Parque Empresarial Porto do Molle, rúa das Pontes (Vial A) nº 4, oficiana 1.15, Nigran, relativo a realización de traballos de retransmisión via streaming destinado a captación, realización audiovisual, grabación e emisión en directo dos plenos municipais do Concello de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, visto a metodoloxía do traballo e a proposta económica ofertada, acorda:

1º. Aceptar a proposta presentada cos condicionantes fixados na mesma e fixándose como prezo do servizo a cantidade de 165 euros máis I.V.E. por evento, aínda que se establece que o límite máximo da cuantía a percibir será o establecido para os dos contratos menores, do artigo 138.3 do TR 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.

2º.- A duración do contrato extenderase ata o 31.12.2016.

3º.- Notificar o presente acordo a empresa Streaming Galicia.



NOMEAMENTO DE AVOGADO .-

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Gestima S.L., ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de Ourense, procedemento núm.0000067/2016, contra acordo do Pleno do Concello de data 28.01.2016, relativo a resolución de concesión administrativa, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamiento no recurso contencioso-administrativo presentado por Gestima S.L., contra o referido acordo.
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia